# EFEGA colaborará co Concello de Zas impartindo charlas de primeiros auxilios

**As charlas irán dirixidas a toda a poboación e permitirán acadar coñecementos en materia de prevención de accidentes e tratamento de emerxencias sanitarias.**



*Ponte de Brandomil, momunento representativo do Concello de Zas*

10/11/09 A asociación Cultural EFEGA (Educación e Formación en Emerxencias Sanitarias de Galicia) comezará a colaborar nos vindeiros días co concello de Zas na elaboración de charlas sobre primeiros auxilios dirixidas a toda a poboación.

Estás charlas impartiranse en colaboración coa Concellería de Servizos Sociais e consistirán nunha serie de consellos prácticos sobre como actuar en materia de soporte vital básico, fracturas, hemorraxias, queimaduras ou incluso accidentes de tráfico.

O persoal asistente a estas charlas tamén poderá realizar diariamente prácticas relacionadas coas principais técnicas de primeiros auxilios e rematará a súa formación cunha simulación de emerxencia na praza do concello.

Os interesados poden informarse a través da páxina web www.efega.eu ou no enderezo de correo info@efega.eu.